

NOVOS RUMOS PARA A TERMINOLOXÍA GALEGA

Xosé Ramón Pichel Campos

Plataforma polo galego na informática

1. TERMINOLOXÍA: DISCIPLINA AUTÓNOMA

Para poder conseguir realmente unha situación de normalización lingüística dunha lingua, debe facerse fincapé en dous tipos de planificación: A Planificación do Status (Ou planificación da normalización dunha lingua) e a Planificación do Corpus. Dentro deste, é necesario contar cunha disciplina que se ocupe do estudio e recompilación de termos especializados das materias: A Terminoloxía.

Un dos primeiros teóricos sobre a existencia da terminoloxía como disciplina foi E. Wüster quen no seu libro *The Machine Tool* fala da autonomía da terminoloxía, definíndoa coma un campo propio da relación entre as ciencias das cousas (dos diferentes campos científicos e técnicos: Física, Química, Medicina, etc.) e outras disciplinas como a Lingüística, a Ontoloxía, a Lóxica ou a Informática.

- Coa lóxica, a terminoloxía interseca no seu interese polos conceptos. Á Terminoloxía preocúpanlle sobre todo a relación entre o obxecto na realidade e o concepto que representa.
- Coa Ontoloxía comparte o seu interese pola natureza das esenciais da realidade e polas relacións nesta realidade.
- Por último, con respecto á informática, Wüster chama materia clave a esta técnica como sistema de almacenamento e recuperación de información terminolóxica. Hoxe en día, xa falamos da relación non só no campo das Bases de datos terminolóxicas senón tamén co campo da Intelixencia Artificial (AI) na parte da Enxeñaría do Coñecemento.

2. ESCOLAS E MÉTODOS DE TRABALLO EN TERMINOLOXÍA

En distintos países europeos como Austria, a ex-URSS e a ex-Checoslovaquia, xurdiu ao mesmo tempo a necesidade dun proceso de sistematización da terminoloxía. Logo, segundo Auger (1988) establecéronse tres grandes escolas en terminoloxía modeladas por dous parámetros fundamentais: A situación sociopolítica e sociolingüística e a planificación ou non de procesos normalizadores. Estas escolas foron as seguintes:

- Terminoloxía orientada ao sistema lingüístico (Lingüístico-Terminolóxico).
- Terminoloxía orientada á tradución.
- Terminoloxía orientada á planificación.

As características máis importantes de cada unha son as seguintes:

2.1. Terminoloxía orientada ao sistema lingüístico (Lingüístico-Terminolóxico)

Esta escola representada por tres grandes correntes (Viena, Praga e Moscova) ten en común a consideración da terminoloxía como medio de expresión e comunicación, e o fornecemento da base teórica da terminoloxía e unha serie de principios metodolóxicos.

2.2. Terminoloxía orientada á tradución

Formada polas organizacións plurilingües internacionais, países institucionalmente bilingües ou plurilingües e o mundo francófono. Representa as bases teóricas que fixeron posible a creación de bases de datos terminolóxicos.

2.3. Terminoloxía orientada á planificación

Propón que unha lingua pouco estable na súa normalización pode trocar o seu status por medio dunha intervención sistemática e estratéxica, por medio de organismos e leis que favorezan a troca. A Terminoloxía, neste caso, é unha peza fundamental para a formación dunha lingua, tanto para a planificación do status coma planificación do corpus.

3. PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA E TERMINOLOXÍA

Dentro da Planificación lingüística que pretende conseguir que a lingua chegue aos niveis normais nunha sociedade, a terminoloxía xoga un grande papel. Unha lingua identifica biunivocamente a unha sociedade onde se desenvolve, é dicir, a sociedade – motivos sociolingüísticos– vai modelar o status e o poder da lingua para enfrontarse aos novos tempos tecnolóxicos vai ser espello de como está a desenvolverse esta sociedade. Aquí é onde reside a importancia de contar cunha forte formación en terminólogos, metodoloxías de investigación terminolóxica e normalización dos termos.


Para enfrontarse ao problema da Terminoloxía dentro da Escola de Planificación lingüística hai diversos exemplos no mundo: pódese seguir unha liña de creación de terminoloxía a partir de recursos propios, realizar unha coordinación lingüística coas

variedades lingüísticas do propio diasistema lingüístico, ou ben afrontar a Terminoloxía dun xeito sistemático.

4. PROBLEMA COMÚN DA TERMINOLOXÍA GALEGA E CATALANA: A FUNCIÓN CAS(X)

Galicia e Cataluña deberían seguir os postulados propostos pola escola de planificación lingüística. Comparten ambas a presenza dunha forte presión do castelán en todos os niveis da sociedade: niveis económicos, técnicos, científicos, xornalísticos, etc.

Esta presión terminolóxica pódese ver como unha función: $Cas(x)$ –función de castelanización–, sendo x un termo. Esta función vai marcar totalmente, desde o meu punto de vista, as funcións terminolóxicas propias de Galicia e Cataluña ($Gal(x)$ e $Cat(x)$). Se analizamos polo miúdo ao longo da historia a $Cas(x)$ veremos como vai influír totalmente na práctica terminolóxica de Galicia e Cataluña.



Na época moderna $Cas(x)$ recibiu influencias doutras linguas como o francés, o italiano, árabe, etc. Deste xeito a función xa non só actuaba sobre o termo en si, senón que tamén realizaba unha función sobre outra función que corresponde coa lingua de onde recolle o novo termo. No caso galego e catalán –fortemente influenciados por $Cas(x)$ – os termos asentábanse nas camadas altas que falaban castelán e por tanto facían parte activa da función castelanizadora, o que provocaba a perda de termos auténticamente galegos e cataláns.

Na Idade contemporánea e nos últimos tempos a situación é aínda peor, posto que $Cas(x)$ ten que facer fronte aos tecnicismos que fornecen os países máis desenvolvidos, en cantidades moi superiores as da idade moderna, utilizando métodos non moi metodolóxicos como os seguintes:

- **Mantemento de terminoloxía técnica estranxeira:** Así son ingleses os termos *by-pass*, *doping*, *gasoil*, *flash*, *baffle*, *pedigree*, etc.
- **Adaptación fónica ao tecnicismo:** Isto as veces provoca violencia na sintaxe e no léxico do español, como no caso de *avion à réaction* que se traduciu por *avión a reacción* cando debería ser *avión de reacción*.
- **Calco, tradución ou substitución do tecnicismo:** *rascacielos* (do inglés *skyscraper*).

Estes criterios fronte aos novos termos van influír totalmente na función $Ga(x)$, como veremos máis adiante. Vexamos agora, como soluciona os procesos terminolóxicos Galicia e Cataluña.

5. RESOLUCIÓN DOS PROBLEMAS TERMINOLÓXICOS EN CATALUÑA

Como exemplo, diremos que na década dos 60 a informática entrou en Cataluña, sempre co catalán na bagaxe. Debido a esta realidade, apareceron unha serie de problemas terminolóxicos relacionados co campo que foi preciso solucionar. Para esta tarefa creouse un centro especializado en terminoloxía chamado TERMCAT, que foi o encargado de realizar tanto a investigación terminolóxica como a fixación dos termos finais en catalán. Os criterios para a creación terminolóxica van desde o uso da sintagmación das palabras e calquera outro tipo de derivación, seguindo para isto as normas ISO r704, ata a harmonización coas funcións de terminoloxización das linguas de orixe.

6. RESOLUCIÓN DO PROBLEMA GALEGO: ¿CREACIONISMO OU COORDINACIÓN LINGÜÍSTICA?

Agora ben, como é que resolve o galego o grande problema do que estamos a tratar. Pois ben, se puidesemos identificar o concepto con algunha palabra, esta sería a de CAOS.

A terminoloxía galega reduce as súas solucións terminolóxicas á función $Ga(x)$ unha exponencial negativa inversamente proporcional a $Cas(x)$, e que trae como consecuencia –ademais da evidente dependencia funcional–, unha serie de criterios de non-sistematicidade na elaboración da terminoloxía:

- Criterios diferencialistas
- Criterios castelanizadores

Criterios diferencialistas

Segundo o Diccionario da Lingua Galega Obradoiro-Santillana o termo Diferencial é aquilo “Que marca unha diferenza. Ex.: A lingua é o noso feito diferencial máis destacado”. Neste caso o que se intenta facer da lingua é unha arma que aumente o propio signo de identidade. Se a isto engadimos unha forte ideoloxización da lingua –consecuencia dunha situación diglósica– as tendencias e os resultados diferencialistas multiplícanse. Este criterio maniféstase nos dous seguintes termos:

Eido ————— **Campo**

Canle ————— **Canal**

- **Eido**, s. m. Terreo, herdade de laboura próxima á casa onde se vive // Terreo cercado, con xardín e horta que rodea a casa.

- **Campo**, s. m. Sitio espacioso fóra dunha poboación // Perspectiva, asunto, materia.
- **Canle**, s. m. Cano por onde corren as augas // Cano que leva a auga ó muíño.
- **Canal**, s. m. Pasaxe natural ou artificial de augas // (...) // Fig. Medio, intermedio, modo, vía.

Como podemos escoitar en diversos medios de comunicación que determinan grandemente a formación en rexistro culto galego, a consecuencia dos criterios diferencialistas que apuntabamos antes, prodúcese unha invasión semántica da palabra *eido* sobre *campo* (o mesmo para *canle* e *canal*) e así escoitamos frases como: “A canle autonómica”, “No eido da medicina”...

Criterios castelanizadores

Equivalente ao calco fónico ou total que se dá tamén noutras linguas como o castelán. Nesta categoría o galego convértese aínda máis nun galego-castelán, mais non só na súa superficie (terminoloxía técnica), senón que como fornecedor de terminoloxía e portadora moitas veces da función ING(x), vai ser o auténtico centro do Universo da lingua galega. O nivel do esperpento non só remata coa castelanización dos termos, senón que aparece o proceso de **galeguización morfolóxica da CAS(x)** dando como resultado verdadeiros **enxeños lingüístico-caóticos**. Como exemplos prácticos observemos o comportamento dos criterios castelanizadores ante termos como:

Cabecera ————— **Cabeceira**
Tabla ————— **Táboa**
Ordenador ————— **Computador**

No primeiro caso, trátase dunha morfoloxización galega con base no calco do castelán. No segundo trátase dunha castelanización semántica ao igualar o campo semántico do castelán co posible campo do galego, impedindo o uso de *tabela* (*tablilla* en castelán) que se adapta mellor ao concepto. O terceiro non é máis que un calco da solución aportada por CAS(x), a partir dunha solución francesa.

Todos estes exemplos non fan máis que confirmar unha situación caótica na elaboración da terminoloxía galega. Non pode haber máis caos metodolóxico nunha lingua que a existencia dunha metodoloxía non sistemática (Absurdo). Sexa como for, esta non sistematicidade provoca a aparición destes criterios que non teñen máis senso que o seguinte: **negar-afirmando (diferencialismo) ou afirmar (calco) a presenza total e indiscutible do castelán como Rexistro Culto do galego**, precisamente todo o contrario do que se pretende.

Solucións: Desde o meu punto de vista, o que se debería facer é cortar a relación entre as dúas funcións evitando a dependencia funcional de GA(x) respecto de CAS(x), e por tanto trocar os criterios de creación de terminoloxía que caen dos problemas anteriores, polo aproveitamento sistemático e coordinado da terminoloxía científica e técnica que nos ofrece e non impón a variante románica máis próxima: **o mundo lusófono**.

Isto non é unha idea nova, senón que é unha reflexión en voz alta para onde debe levar a praxe metodolóxica na terminoloxía galega, que polo de agora só fica reducida á teoría do principio 4º de harmonización das normas ILG-RAG:

“As escollas normativas deben ser **harmónicas** coas das outras linguas especialmente coas **romances en xeral e coa portuguesa en particular**, evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas, tales como adaptación de cultismos e de **terminoloxía científica e técnica**”

Máis tarde, revirado o proceso de creación (?) terminoloxía galega polo de coordinación lingüística co mundo luso, empezariamos a falar de algoritmos e metodoloxías máis convenientes para o galego.

7. CASO PRÁCTICO: A TERMINOLOXÍA INFORMÁTICA

O campo da informática é unha disciplina que evoluciona moi rapidamente sufrindo a exponencialización da súa propia terminoloxía. No caso da metodoloxía actual o resultado real dos termos pode tirar moitas consecuencias ao respecto.

Na actualidade, algúns termos técnicos sofren o desprazamento contra os medios xerais de difusión (prensa, radio e televisión) o que fai urxente decidirse polos dous modelos que nos vai impor a realidade (a castellanización ou a coordinación lingüística).

Sistema A (Función CAS(x))	Sistema B (Función GA(x))
Listado	Listaxe
Ordenador	Computador
Táboa	Tabela
Cinta	Fita
Cabecera	Cabezallo

Usando o sistema A, estamos caendo nunha castellanización aínda máis grave do galego, mentres que collendo as contribucións do sistema B, onde como se pode ver o portugués crea, adapta ou reutiliza léxico patrimonial –que tamén existe no galego–, poderemos non só mellorar a nosa terminoloxía senón que atoparemos unha grande compatibilidade entre os termos científicos e técnicos co alén Miño, que a fin de contas é o que importa na comunicación especializada.

8. BIBLIOGRAFÍA

AGAL-Comissom Lingüística, *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Ourense, 1989.

- Aracil, Lluís V. *et alii*, *Problemática das linguas sen normalizar. Situación de galego e alternativas.*, Ourense, Ed. Galiza, 1989.
- Auger, Pierre i Rosseau, Louis, *Metodologia de la recerca terminològica*, Departament de Cultura, Barcelona, 1984.
- Cabré, M^a Teresa, *La Terminologia: La Teoria, els mètodes, las aplicacions*, Empúries, Barcelona, 1992.
- Gómez Guinovart, J., *Vocabulario de Informática (Galego-Inglés-Castelán)*, Servicio de Normalización Lingüística, Universidade de Vigo, 1994.
- Lázaro Carreter, Fernando, *Lengua Española C.O.U.*, Ed. Anaya, Madrid, 1990.
- Mestre, Josep Bernau *et alii*, *El llenguatge de las ciències de la salut*, Generalitat Valenciana. Conselleria de Sanitat i consum, Alacant, 1995.
- Plataforma polo galego na informática, *Trillas Formataadas*, PGI, A Coruña, 1995.
- RAG-ILG, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 1995¹² (ed. revisada).
- Tanembaum, Andrew S., *Sistemas Operacionais modernos*, Prentice-Hall, Brasil, 1995.
- Termcat, Consell Supervisor, *Formació de termes amb elements cultes*, Departament de Cultura, Barcelona, 1990.